
Informe de Actividade 2009

INSTITUTO GALEGO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL (ISSGA)

XUNTA DE GALICIA

® Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Depósito Legal: C xxxx - 2010

Imprime: NINO-Centro de Impresión Dixital.

Maquetación: Miguel A. Suárez.

Índice

Páxina

Limiar.....	5
1. Estrutura e organización	7
1.1. Órganos de dirección e xestión.....	8
1.2. Órganos de xestión	10
2. Recursos	15
2.1. Recursos humanos.....	15
2.2. Recursos económicos	18
2.3. Lei de Protección de Datos (LOPD)	21
3. Actividade institucional	23
3.1. Normativa	23
3.2. Accións de promoción	24
3.3. Publicacións	30
3.4. Consultas técnicas	31
3.5. Formación interna.....	33
3.6. Participación en grupos de traballo, xornadas técnicas e foros douttras entidades.	33
4. Relacións con outros organismos.....	43
4.1. Convenios.....	43
4.2. Coordinación con outros organismos da Administración	43
5. Actuación técnica.....	47
5.1. Tarefas de investigación e asistencia técnica	47
5.2. Programa de traballos desenvolvidos para a autoridade laboral	52
5.3. Asesoramento	54
5.4. Accións formativas	59
5.5. Hixiene Analítica.....	62
6.6. Medicina do Traballo	67
6. Directorio.....	69
7. Anexos.....	71

Con este documento dáse cumprimento á previsión legal recollida no artigo 6 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), que dispón que se elaborará unha memoria anual de actividades.

Así, ao longo deste manual resúmense as principais actuacións que o ISSGA desenvolveu no ano 2009.

Cómpre lembrar que este organismo configúrase, consonte o disposto na súa lei de creación, como o órgano técnico en prevención de riscos laborais, e que iniciou as súas actividades o 1 de xullo de 2008, polo que este é o primeiro informe de actividade que abrangue un período anual completo.

A actividade do ISSGA enmárcase no Plan estratéxico para a Prevención de Riscos Laborais en Galicia 2006 – 2010 que define os obxectivos que se perseguen no eido da seguridade e saúde laboral na nosa comunidade autónoma.

Respecto á concreción das actuacións do ISSGA para o 2009, foi a Comisión de Goberno, na súa reunión do 1 de decembro de 2008, a que aprobou o Plan de actividades do 2009, establecendo as liñas de actuación para dito período e no contexto do cumprimento dos obxectivos determinados no Plan estratéxico 2006 – 2010.

Tomando como premisas tanto o deseño do Plan no marco do diálogo social como a participación cualificada dos axentes sociais (UGT Galicia, S.N. de CC. OO. de Galicia, CIG e CEG) no máximo órgano de goberno do ISSGA, as actividades recollidas nesta memoria deben identificarse como un traballo conxunto de todos os implicados no eido da seguridade e saúde laboral en Galicia.

Este documento estrutúrase en varios apartados que tratan de sintetizar tanto as tarefas administrativas e de organización interna para a consolidación como organismo autónomo, como o desenvolvemento

das funcións técnicas, principalmente executadas nos centros territoriais do ISSGA.

Así, en sete puntos recóllense a estrutura e organización, os recursos, a actividade institucional, as relacións con outros organismos, a actuación técnica, así como o directorio e os anexos coa normativa e publicacións máis relevantes.


Preténdese así amosar a nosa actividade con responsabilidade, transparencia e no convencemento de que o ISSGA debe asentarse como un instrumento a disposición de todos os traballadores e traballadoras de Galicia na procura da progresiva mellora das condicións de traballo e da implantación da prevención de riscos laborais no noso quefacer diario.

Adela Quinzá-Torroja García

Directora

I. Estrutura e organización

A Lei 14/2007, de creación do ISSGA, desenvolve a estrutura e organización do organismo autónomo, e o Decreto 130/2008 establece a estrutura orgánica e funcional dos órganos de dirección e xestión.



I.I. Órganos de dirección e xestión

I.I.I. Comisión de goberno

A Comisión de Goberno é o máximo órgano de dirección do Instituto. Os seus membros, agás os designados por razón do seu cargo, foron nomeados por orde da persoa titular da consellería competente en materia de traballo, por proposta das consellerías e das organizacións empresariais e sindicais, conforme a composición definida no artigo 7º da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

As súas funcións, recollidas no artigo 8º da mesma Lei, son:

- Establecer os criterios xerais de actuación en materia de seguridade e saúde laboral na comunidade autónoma, en virtude das políticas, dos programas e dos plans que estableza o Consello da Xunta de Galicia.
- Establecer as liñas xerais de actuación do Instituto e aprobar o plan anual de actividades.
- Aprobar o anteproxecto de orzamento anual.
- Elaborar o seu propio regulamento orgánico de funcionamento.

Pola Orde do 9 de novembro de 2009 noméanse os membros da Comisión de Goberno (DOG núm. 228, do 20 de novembro):

Presidente

Odilo Martiñá Rodríguez. Director xeral de Relacións Laborais.

Vicepresidentes

Roberto Pérez López. Secretario xeral da Consellería de Sanidade.

Ángel Bernardo Tahoces. Director xeral de Industria, Enerxía e Minas.

Vogais

Adela Quinzá-Torroja García. Directora do ISSGA

José Rega Piñeiro. Subdirector técnico e de Planificación do ISSGA.

José Ignacio Garrote Freire. Xefe do Servizo de Seguridade e Saúde Laboral da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Carlos Bellas Cebreiro. UGT - Galicia.

Ascensión Esteban Ceballos. SN de CC.OO. de Galicia.

Fernando Sabio Maroño. Confederación Intersindical Galega.

Antón Arias Díaz-Eimil. Confederación de Empresarios de Galicia.

Ovidio Pérez Reñones. Confederación de Empresarios de Galicia.

José Antonio Neira Cortés. Confederación de Empresarios de Galicia.

Secretaría

María José Miñones Conde. Subdirectora xeral de Administración e Persoal do ISSGA.

Secretario/a suplente, o/a titular da xefatura do Servizo de Administración xeral.

Actividade da Comisión de Goberno

A Comisión de Goberno reúne-se en sesión ordinaria o 4 de decembro de 2009, coa seguinte orde do día:

1. Constitución da nova Comisión de Goberno do ISSGA
2. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
3. Informe xeral de actividades do ISSGA no 2009
4. Orzamentos 2010
5. Proposta Plan Anual de actividades 2010
6. Información sobre a nova sede do ISSGA en Santiago de Compostela
7. Rogos e preguntas.

1.1.2. Dirección do Issga

A dirección do Instituto correspóndelle á persoa que, con categoría de director ou directora xeral, se nomee por decreto da Xunta de Galicia por proposta do titular da consellería competente en materia de traballo.

As súas funcións, recollidas no artigo 6º da Lei 14/2007, son:

- Representar institucionalmente o Instituto.
- Dirixir os servizos administrativos do Instituto e desenvolver a xefatura do todo o persoal ao seu servizo.
- Autorizar os gastos necesarios e ordenar os pagamentos correspondentes do Instituto.
- Elaborar o borrador do anteproxecto de orzamento para a presentación á comisión de goberno.
- Representar legalmente o Instituto. Actuar como órgano de contratación e subscribir os convenios e os acordos que corresponda.
- Elaborar a memoria anual para a súa remisión á comisión de goberno.
- Proporcionarlles ás consellarías con competencias concorrentes na materia de seguridade e saúde laboral canta información precisen para o desenvolvemento das súas funcións.


Polo Decreto 361/2009, do 30 de xullo, noméase directora do Instituto a **Mª Adela Quinzá-Torroja García**. (DOG núm. 149, do 31 de xullo)

1.2. Órganos de xestión

As funcións dos órganos de xestión recóllense nos artigos 5º e 6º do Decreto 130/2008.

No desenvolvemento destas funcións, especialmente das de carácter técnico, é fundamental a actividade dos centros de seguridade e saúde laboral, que actúan como instrumentos de asesoramento, control e asistencia técnica das actividades en materia de prevención

de riscos laborais, ao tempo que acollen actividades formativas e desenvolven labores de información.




A estrutura xeral dos centros provinciais indícase a seguir.

Centro ISSGA A Coruña



Centro ISSGA Lugo



Centro ISSGA Ourense



Centro ISSGA Pontevedra



2. Recursos


2.1. Recursos humanos

Para a xestión das súas funcións, o ISSGA conta cun cadro de persoal formado por 147 persoas, das que un 13,61% é persoal laboral e un 86,39% funcionario. O 85,03% traballa nos centros provinciais e o 14,97% na sede da dirección.


Cómpre lembrar que a creación do organismo autónomo e a posta en marcha da súa estrutura orgánica e unidades administrativas supuxo a necesidade de creación de determinados postos de traballo que, xunto coa integración do persoal dos centros provinciais, deu lugar a unha modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Traballo que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia do 30 de outubro de 2008 e publicada no DOG do 14 de novembro.

SEDES / CATEGORÍA	Funcionarios	Laborais	Totais
Santiago	21	1	22
A Coruña	33	7	40
Lugo	17	4	21
Ourense	15	3	18
Pontevedra	41	5	46
Totais	127	20	147

DISTRIBUCIÓN POR SEDES DO ISSGA




DISTRIBUCIÓN POR CATEGORÍA DE PERSOAL



Os postos de persoal técnico de prevención de riscos laborais supoñen unha porcentaxe significativa respecto ao total do cadro de persoal, tal e como se reflicte no seguinte cadro:

Sedes / Distribución	Cadro de persoal	Técnicos de prevención de riscos laborais	Porcentaxe de técnicos
Santiago	22	7	31,8 %
A Coruña	40	21	52,5 %
Lugo	21	13	61,9 %
Ourense	18	11	61,1 %
Pontevedra	46	24	52,2 %
Totais	147	76	51,7 %



Na sede da dirección do ISSGA, a través da Subdirección de Administración e Persoal, realízanse as tarefas propias da xestión do persoal mediante o programa informático CEPAL. Realízase toda a tramitación administrativa relacionada co persoal: tomas de posesión e cesamentos, redacción dos contratos do persoal laboral e prórrogas, licenzas e permisos, xestión das altas e baixas na seguridade social, incapacidades temporais, partes de alta, baixa e confirmación, etc.

2.2. Recursos económicos

O orzamento do ISSGA vén dado pola correspondente transferencia de crédito da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar.

O importe transferido correspóndese co orzamento de ingresos do que o ISSGA dispón para a execución das súas actuacións durante o exercicio económico de 2009, para facer fronte aos gastos de persoal, funcionamento e operatividade dos servizos centrais e dos centros provinciais e investimentos de carácter material e inmaterial.

ORZAMENTO DE INGRESOS (en euros)	
ADMINISTRACIÓN XERAL CCAA - CAP IV	6.505.331
ADMINISTRACIÓN XERAL CCAA - CAP VII	4.202.000
TOTAL	10.707.331

ORZAMENTO DE GASTOS (en euros)	
CAPÍTULO I. GASTOS PERSOAL	5.585.923
Ampliación de crédito	+163.828,11 (*)
CAPÍTULO II .GASTOS BENS CORRENTES E SERVIZOS	919.408
CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS	4.202.000
TOTAL	10.871.159,11

() No ano 2009 a dotación do capítulo I incrementouse con 163.828,11 € como consecuencia da modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Traballo publicada no DOG núm. 222, do 14 de novembro, a través da que se adscribiron ao Instituto diversos postos de traballo, antes adscritos á Secretaría Xeral da Consellería de Traballo.*

Contratación

Ao Instituto correspóndelle a xestión dos expedientes de contratación incluídos dentro do ámbito da súa competencia. No ano 2009 xestionáronse os seguintes expedientes de contratación:

- Contratación do servizo para a limpeza do Centro Provincial de Seguridade e Saúde Laboral de Pontevedra, sito en Rande (DOG 03/04/09).
- Contratación dun servizo para a realización de accións de difusión e divulgación da prevención de riscos laborais entre a poboación escolar da Comunidade Autónoma de Galicia. Campaña Moitollo (Expediente 2/2009). (DOG 26/06/09).
- Subministración de diverso equipamento dos laboratorios de hixiene analítica e medicina laboral para os Centros Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral do ISSGA (Expediente 3/2009). (DOG 01/07/09).
- Servizo para a realización de diversas actuacións de formación, na prevención de riscos laborais no marco dunha escola de prevención dirixida á poboación escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a educadores e colectivos de profesionais interesados no eido da prevención (Expediente 4/2009). (DOG 23/07/09).
- Subministración de diverso material promocional para a sensibilización da poboación escolar en materia de prevención de riscos laborais (Expediente 5/2009). (DOG 06/08/09).
- Resolución do 28 de agosto de 2009 pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración de diferentes equipamentos dos departamentos de hixiene industrial e medicina laboral para os seus centros provinciais de seguridade e saúde laboral (Expediente 6/2009). (DOG 03/09/09).
- Resolución do 4 de novembro de 2009 pola que anuncia a licitación, polo procedemento aberto e tramitación urgente, da obra de reparación exterior e adecuación de espazos interiores do centro provincial de Seguridade e Saúde Laboral da Coruña (Expediente 7/2009). (DOG 09/11/09).

- Resolución do 30 de setembro de 2009 pola que se anuncia a licitación dun servizo para a execución de enquisas sobre as condicións de traballo dos traballadores/as das empresas galegas e sobre a xestión da prevención de riscos laborais nas empresas galegas (Expediente 8/09). (DOG 15/10/09).
- Resolución do 10 de novembro de 2009 pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, dun servizo para o deseño e creatividade dunha campaña de promoción para potenciar a prevención de riscos laborais entre o alumnado de formación profesional de Galicia (Expediente 11/2009). (DOG 16/11/09).
- Resolución do 10 de novembro de 2009 pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, dun servizo de difusión e divulgación en diversos medios de difusión (televisión, radio, prensa escrita diaria e publicidade exterior) da campaña para a formación e concienciación da sociedade galega na prevención de riscos laborais (Expediente 12/2009). (DOG 16/11/09).
- Resolución do 4 de novembro de 2009 pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración de cinco vehículos con destino aos centros provinciais de seguridade e saúde laboral deste organismo (Expediente 13/2009). (DOG 10/11/09).

Informatización

Co obxectivo de contar cun sistema que sirva de apoio á xestión eficaz do organismo, e de acordo coas novas tecnoloxías, o Instituto procedeu á instalación de determinado **software**:

- Programa MICROSTRATEGY. Destinado á futura substitución do programa de Seguridade e Hixiene para o control informatizado dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais da comunidade.

Así mesmo, procedeuse á dotación e mellora de equipos e infraestruturas, **hardware** informático.

Mediante a coordinación coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, levouse a cabo o traslado de todo o equi-

pamento informático dos servizos centrais do ISSGA dende o Edificio Administrativo de San Lázaro ata a nova ubicación na Casa da Parra.

2.3 Lei de Protección de Datos (LOPD)

Co fin de dar cumprimento ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, publícanse as seguintes resolucións:

- **Resolución do 29 de xaneiro de 2009** pola que se crean determinados ficheiros de datos de carácter persoal no ISSGA. DOG núm 24, de 4 de febreiro.
- **Resolución do 14 de outubro de 2009** pola que se crean tres ficheiros de datos de carácter persoal do ISSGA (datos de autónomos, empresas, interesados e usuarios, tanto de contacto como dos adscritos aos plans de formación e ao Rexistro de empresas con Risco de Amianto (RERA). DOG núm. 208, de 23 de outubro.

3. Actividade institucional

3.1. Normativa

A continuación dáse unha relación da principal normativa publicada no 2009:

- **Resolución do 29 de xaneiro de 2009** pola que se crean determinados ficheiros de datos de carácter persoal no ISSGA. DOG núm 24, de 4 de febreiro.
- **Decreto 191/2009**, do 23 de abril, polo que se dispón que cese Miguel José Martínez Losada como director do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- **Decreto 335/2009**, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar (DOG 25/06/09).
- **Decreto 361/2009**, do 30 de xullo, polo que se nomea directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral a M^a Adela Quinzá-Torroja García.
- **Resolución do 9 de setembro de 2009** pola que se lle dá publicidade ao acordo entre a Administración da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais sobre determinadas condicións especiais de traballo para o establecemento das gardas dos técnicos dos centros de seguridade e saúde laboral con base no protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias. DOG núm. 182, de 16 de setembro.
- **Resolución do 14 de outubro de 2009** pola que se crean tres ficheiros de datos de carácter persoal do ISSGA (datos de autónomos, empresas, interesados e usuarios, tanto de contacto como dos adscritos aos plans de formación e ao Rexistro de em-

presas con Risco de Amianto (RERA). DOG núm. 208, de 23 de outubro.

- **Orde do 9 de novembro de 2009** pola que se nomean os vogais do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral (DOG 19/11/09).
- **Orde do 9 de novembro de 2009** pola que se actualiza a composición da Comisión Goberno ISSGA (DOG 20/11/09).

3.2. Accións de promoción

3.2.1. Campañas

Leváronse a cabo distintas accións de promoción, divulgación e sensibilización durante o ano 2009:

- **Promoción da prevención de riscos laborais a través dunha Escola de Prevención.**

A escola de prevención créase como un espazo físico onde se dá resposta á necesidade de formar docentes, educadores, escolares e á cidadanía galega no ámbito da prevención. Canto á programación da escola, desenvólvense obradoiros en distintos ámbitos: hixiene e seguridade no traballo, ergonomía, ámbito doméstico, etc, nos que se atende aos escolares e docentes que acoden. A escola conta con profesionais que organizan distintas actividades e xogos co alumnado para facerlle chegar a importancia da prevención. Está dotada tamén dunha biblioteca con documentación específica e aulas nas que se imparten charlas informativas.

No período escolar 2008-2009, os datos recollidos na escola son os seguintes:

Escola de Prevención de Riscos Laborais (setembro 2008- setembro 2009)	
CENTROS EDUCATIVOS	41
ALUMNOS	2.438
CHARLAS ESPECÍFICAS (ASISTENTES)	312
OBRADOIROS (ASISTENTES)	116

- **Promoción da prevención de riscos laborais nos escolares e docentes de centros de educación primaria**

- Moitollo.

Esta campaña desenvólvese en colaboración coa Consellería de Educación, vai dirixida á toda a comunidade educativa e ten como obxectivo a concienciación en materia de prevención de riscos laborais desde as primeiras idades, para unha axeitada incorporación no seu momento ao mundo laboral.

A campaña que se iniciou no ano 2006, consta de tres elementos fundamentais:

- Carteis, folletos divulgativos e elementos publicitarios, cos que se pretende chegar a todos e cada un dos escolares galegos, como un primeiro paso para a súa sensibilización.
- Un autobús divulgativo cunha chamativa rotulación exterior, onde se poñen en práctica as diferentes actividades co alumnado, e que está preparado cunha sala de vídeo-proxección.
- Unha película en tres dimensións sobre a importan-



cia da prevención dos riscos laborais adaptada ás idades dos participantes na campaña e que pretende transmitir dun xeito áxil e divertido a necesidade de tomar medidas de prevención.

A campaña complétase coa distribución de diversos elementos de carácter promocional co obxectivo fundamental de que a idea da prevención non sexa unha actuación puntual senon que poida ser mantida con continuidade.

No ano 2009 chegouse a 3.946 escolares de 33 centros educativos das catro provincias, durante os meses de novembro e decembro. Asemade estivo presente en varias feiras relacionadas co ámbito laboral, co fin de transmitir esa concienciación aos profesionais.

Campaña para a promoción da prevención de riscos laborais nos escolares e docentes (Moitollo)	
CENTROS EDUCATIVOS	33
ALUMNOS	3.946
MATERIAL ENTREGADO (camisetas, gorras, caixas de caramelos, chaveiros, barallas, xoga de prevención, bonecos, caixas de lapis de cores, adhesivos)	12.000

- Visita ao colexio C.P.I. Viaño Pequeno.

A directora do ISSGA participou nunha xornada para concienciar da importancia da prevención dos riscos laborais os escolares do colexio C.P.I. Viaño Pequeno, do concello coruñés de Trazo.

No encontro con dezaioito alumnos de quinto de primaria, respondeu a todas as inxeranzas que tiñan os pequenos en torno ás medidas de protección que deberían tomar os seus pais en función da profesión que desempeñan.



- **Campaña informativa para a prevención nas empresas fronte o virus da gripe A (H1N1).**

Con motivo da pandemia causada polo virus da gripe A (H1N1) o ISSGA levou a cabo unha serie de actuacións para afrontar esta nova situación:

Formalizáronse reunións coa Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade para poñer en común as actuacións a levar a cabo, e para facilitar o contacto entre a dita consellería e os Servizos de Prevención Alleos, co obxecto de planificar as actuacións ante a posibilidade dunha incidencia maior do previsible.

Realizáronse cinco xornadas técnicas de divulgación sobre a gripe A dirixidas ao ámbito laboral nas catro provincias galegas.

Elaborouse unha “Guía Para A Elaboración Do Plan De Actuación Das Empresas Ante A Situación Actual De Pandemia Causada Polo Virus Da Gripe A/H1n1” como unha ferramenta útil para que as empresas puxeran en marcha os seus propios plans de actuación e na que se recollen as principais accións e medidas preventivas que deben conter estes plans. Pensando en facela máis manexable, editouse un folleto/resume dela co título “As Empresas Ante A Gripe Pandémica A(H1n1)2009: Plan De Actuación”.

Tamén se publicou a folla de prevención Nº 12 (setembro de 2009) dedicada á gripe pandémica A(H1N1) 2009, con información de interese sobre o virus: modo de transmisión, síntomas da enfermidade, colectivos de maior risco... así como da actuación das empresas a este respecto.

Ábrese un enlace na páxina web do ISSGA no que se expón información dirixida ás empresas, a documentación en formato dixital e con ligazón ao enlace sobre gripe A do Servizo Galego de Saúde.

Campaña informativa para a prevención fronte o virus da gripe A.	
REUNIÓN COA CONSELLERÍA DE SANIDADE	8
XORNADAS TÉCNICAS	6
CUADRÍPTICOS EDITADOS	3.000
FOLLAS DE PREVENCIÓN EDITADAS	2.000

3.2.2. Participación en congresos e outros eventos

No stand do ISGGA expóñese material bibliográfico, folletos divulgativos, DVDs das campañas, actuacións realizadas e artigos de merchandising, e durante o 2009 estivo presente en eventos relacionados coa prevención de riscos laborais:

- II Congreso de Prevención de Riscos Laborais de Canarias (PREVECAN).

Auditorio Alfredo Kraus. Las Palmas de Gran Canaria.

Do 25 ao 27 de marzo de 2009

- LABORALIA 2009 (“Feria Integral de la Prevención, Protección, Seguridad y Salud Laboral”).

Recinto Feria Valencia. Valencia

Do 27 ao 29 de maio de 2009

- X Congreso de UGT - Galicia

Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia. Santiago de Compostela

Do 28 ao 30 de Maio de 2009

- “IV Encuentro Nacional de Profesionales en Prevención de Riesgos Laborales”.

Pavillón de Exposicións de La Magdalena. Avilés.

Do 17 ao 19 de xuño de 2009

- Feira do moble da Estrada.

Pazo de Exposicións e Congresos . A Estrada

Do 12 ao 20 de setembro de 2009

- **World Fishing Exhibition 2009.**

Recinto feiral IFEVI . Vigo

Do 16 ao 19 de setembro de 2009

- **40^a Feria Multisectorial FEXDEGA.**

Recinto feiral FEXDEGA. Vilagarcía de Arousa

Do 9 ao 12 de outubro de 2009

- **II Congreso Extremeño de PRL.**

Complexo Cultural San Francisco. Cáceres

Do 4 ao 5 de novembro de 2009

- **Feira dos Autónomos de Galicia (FEMAGA)**

Recinto Feiral EXPOCORUÑA. A Coruña

Do 4 ao 8 de decembro de 2009



3.3. Publicacións

Ó longo deste ano o ISSGA ven de publicar unha serie de documentos:

- **Follas de Prevención:** publicación mensual (en formato papel e dixital), en galego e castelán. Pretende a divulgación de diversos temas relacionados coa prevención e riscos laborais. No ano 2009 elaboráronse as seguintes:
 - Riscos de orixe ergonómica en postos de telemarketing.
 - Formación e funcións dos coordinadores de seguridade e saúde nas obras de construción.
 - Riscos laborais da acuicultura en batea.
 - Primeiros auxilios (I), (II) e (III).
 - Cancro e traballo (I) e (II).
 - Gripe Pandémica A (H1N1) 2009: información básica, plan de actuación das empresas.
 - Prevención da silicose nos talleres de elaboración de pedra natural.
 - Electricidade estática en oficinas. Lipoatrofia semicircular.
 - Os equipos de protección individual e a súa correcta utilización.
- **Libro do Plan de prevención de riscos laborais no sector pesqueiro - Vixía.** Reedición en galego e castelán de libro e cedés.
- **Avance da “Sinistralidade Laboral en Galicia 2008”.**
- **Libro “Sinsitralidade Laboral en Galicia 2008”.** publicáronse os datos definitivos, en soporte dixital e en papel.
- **Libro do “Informe de Actividade 2008”.** A primeiros de ano publicouse o documento referente as actuacións levadas a cabo polo ISSGA durante o ano 2008.

- **Tríptico do Plan de prevención de riscos laborais no sector pesqueiro – Vixía.** Editado en galego, castelán e inglés.
- **Documento informativo “As empresas ante a gripe pandémica A (H1N1) 2009. Plan de actuación”.**
- **Cuadríptico da Programación de actividades formativas 2009.**



3.4. Consultas técnicas

O ISSGA ten establecido un protocolo de resposta ás consultas técnicas que os cidadáns poden realizar (Protocolo 1/2009). Este protocolo pretende dar resposta a todas aquelas consultas que chegan ó ISSGA, con un criterio común, e con un límite de tempo establecido, e así garantir un estándar de calidade neste servizo. No ano 2009 tramitáronse 346 consultas.

As consultas técnicas poden chegar ó ISSGA de diversos xeitos, entre os que destacamos:

- **Páxina WEB do ISSGA:** na páxina WEB existe un apartado chamado “contacta connosco” no que o usuario só ten que cubrir un formulario para enviar a súa consulta.

- Telefonicamente: os usuarios poden chamar directamente ós centros do ISSGA.
- Outros medios: carta postal, escritos ou instancias que entren por rexistro, Fax, etcétera.

Ademais destas consultas técnicas o ISSGA tamén da resposta a outro tipo de consultas como poden ser as dos cursos programados ou do material didáctico do que se dispón.



The screenshot shows the contact page of the Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA). The header includes navigation links: Galego | Castellano, a | A, Onde estamos | Contacta connosco | Mapa web | RSS. The main header features the ISSGA logo and a search bar with the text 'Busca' and 'Busca avanzada'. Below the header is a navigation menu with links: O ISSGA, Novas, Oferta formativa, Servizos, Estatísticas, and Campañas. The main content area is titled 'CONTACTA CONNOSCO' and contains a section 'Contacta connosco' with a sub-header 'Formulario de Contacto'. The form includes fields for 'Tipo de consulta (*)' (a dropdown menu with 'Consultas técnicas' selected), 'Nome (*)', 'Apellidos (*)', 'Teléfono (*)', 'Poboación (*)', 'Empresa (*)', 'O seu email (*)', 'Asunto (*)', and 'Mensaxe (*)' (a large text area). A small note at the top of the form says: 'Por favor cubra todos os datos do formulario e indique o máis claramente a súa consulta. Tamén pode acceder á páxina de consultas máis frecuentes e comprobar se a súa dúbida xa foi resolta.'

3.5. Formación interna

Realizáronse as seguintes accións formativas de actualización e mellora para técnicos do ISSGA:

Curso de introdución á xestión da prevención no sector da construción.

Impartido por técnicos da Fundación laboral da Construción-Galicia en Santiago de Compostela no mes de xuño.

Asistentes: 19

Curso de Auditoría de Sistemas de Xestión da Prevención de Riscos Laborais.

Impartido polo Centro Jovellanos de Asturias. Comezado a finais de 2008 e rematado en 2009, este curso foi impartido na modalidade a distancia.

Asistentes: 61

Con este curso, o persoal técnico do Issga afonda os seus coñecementos sobre organización e xestión da prevención de riscos laborais e cualifícase para a súa análise.

3.6. Participación en grupos de traballo, xornadas técnicas e foros doutras entidades.

3.6.1. Grupos de traballo do INSHT e AENOR

O ISSGA ten presenza mediante os seus técnicos en distintos grupos de traballo da Comisión Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo (CNSST), do Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo (INSHT) e de AENOR.

- Amianto. CNSST
- Sector agrario. CNSST
 - Vixilancia da saúde no sector agrario.
 - Sinistralidade na agricultura.
- Traballadores autónomos. CNSST
- Construción. CNSST
- Análise cualitativa da mortalidade por accidente de traballo en España. INSHT
- Unificación de criterios estatísticos de sinistralidade laboral. INSHT
- Rede de institutos públicos para a investigación en prevención de riscos laborais. INSHT
- Base de situacións de traballo –caracterización de situacións de exposición a axentes químicos. INSHT
- Máquinas. AENOR

3.6.2. Xornadas

O ISSGA organizou 50 actividades formativas en colaboración coas entidades que se relacionan e nas que participaron un total de 2834 alumnos.

Consellería de Sanidade

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada técnica de prevención de riscos laborais. (Marzo)

Consellería do Mar (Centro Tecnolóxico do Mar)

Centro ISSGA. Pontevedra

- Ponencia sobre riscos seguridade e saúde en instalacións marítimas. (Decembro)

Consellería de Traballo e Benestar (Obradoiros de Emprego)

Centro ISSGA. Ourense

- Relatorio sobre prevención de riscos laborais. Concello de Pereiro de Aguiar. (Maio)
- Relatorio sobre prevención de riscos laborais. Concello de Irixo. (Marzo)
- Relatorio sobre prevención de riscos laborais. Concello de Monterrey – Pereiro de Aguiar. (Novembro)
- Relatorio sobre prevención de riscos laborais. Concello de Ribadavia. (Novembro)

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Centro ISSGA. Lugo (IES Sanxillao)

- Xornada técnica prevención riscos laborais (Hostalaría). (Marzo)
- Xornada técnica primeiros auxilios. (Marzo)

Centro ISSGA. Lugo (IES Lucus Angusti)

- Xornada técnica primeiros auxilios. (Marzo)

Centro ISSGA. Lugo (IES Lois Peña Novo)

- Xornada técnica prevención riscos laborais e primeiros auxilios. (Xuño)

Centro ISSGA. Pontevedra (Instituto Formación Profesional de BUEU)

- Curso primeiros auxilios (2). (Maio)

Centro ISSGA. Pontevedra (IES Manuel Antonio)

- Ponencia axentes químicos e biolóxicos. (Maio)

Centro ISSGA. Pontevedra (Instituto San Clemente de Santiago de Compostela)

- Xornada técnica divulgación dos riscos laborais. (Outubro)

Consellería do Medio Rural (Estación Experimental Agrícola Baixo Miño)

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica curso aptitude empresarial agraria. (Setembro)
- Xornada técnica curso aptitude empresarial agraria. (Outubro)

Escuela Naval Militar de Marín

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica de seguridade operativa SEGOP´09. (Maio)
- Xornada técnica de seguridade operativa - SEGO´P 09. (Novembro)

Confederación Intersindical Galega (CIG)

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada técnica de prevención de amianto. (Maio)

Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT Galicia)

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica detección e control das enfermidades profesionais. (Novembro)

FEUGA (Fundación Empresa – Universidade Gallega)

ISSGA. Santiago de Compostela

- II Seminario SEVESO. (Outubro)

Mutua Universal

Centro ISSGA. A Coruña

- Xornada técnica GHS e o novo regulamento europeo sobre clasificación, etiquetado e envasado de substancias e mesturas. (Decembro)

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica GHS e o novo regulamento europeo sobre clasificación, etiquetado e envasado de substancias e mesturas. (Decembro)

Asepeyo

Centro ISSGA. A Coruña.

- Xornada técnica “Recomendacións para as empresas ante a gripe A/H1N1”. (Setembro)

ISSGA. Santiago de Compostela

- Xornada técnica “Recomendacións para as empresas ante a gripe A/H1N1”. (Setembro)

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica gripe A. (Outubro)

Fremap

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica criterios ergonómicos manexo persoas mobilidade reducida. (Febreiro)
- Xornada técnica almacenamento e equipos manexo materiais. Condicións seguridade. (Marzo)
- Xornada técnica sinalización na industria dos lugares de traballo. (Abril)
- Xornada técnica especific. e criterios para deseño ergonómico de postos de traballo. (Xuño)
- Xornada técnica seguridade nas operacións de mantemento. (Setembro)
- Xornada técnica Introducción ao REACH. (Outubro)
- Métodos de análise de accidentes. Árbore de causas. (Novembro)

APROSAL (Asociación de Profesionais de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia)

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica Seguridade nas obras do AVE e o Eixo Atlántico. (Marzo)
- Xornada técnica estadas tubulares. Plans de montaxe. (Xuño)
- Xornada técnica estadas tubulares. Plans de montaxe. (Outubro)

AGASPA (Asociación Galega de Servizos de Prevención)

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica gripe A. (Outubro)

ACO (Asociación de Constructores de Ourense)

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada técnica de prevención na construción. Trives. (Setembro)
- Xornada técnica de prevención na construción. Xinzo da Limia. (Outubro)
- Xornada técnica de prevención na construción. Celanova. (Outubro)
- Xornada técnica de prevención na construción. Ribadavia. (Outubro)

AEDA (Asociación para a Desintención do Agro) de Lugo

Centro ISSGA. Lugo

- Xornada técnica primeiros auxilios. (Xullo)

Norprevención

ISSGA. Santiago de Compostela

- Xornada técnica “Recomendacións para as empresas ante a gripe A/H1N1”. (Outubro)

Unión Fenosa

Centro ISSGA. A Coruña.

- Xornada técnica “Formación en operacións de liña”. (Agosto)
- Curso operación rede empresas contratistas de nova incorporación a mantemento MT/BT UFD. (Setembro e Outubro)

Centro ISSGA. Lugo

- Curso de operador local para contratas de Fenosa. (Xullo)

Centro ISSGA. Ourense

- Xornada técnica risco eléctrico. (Xuño)

Centro ISSGA. Pontevedra

- Curso riscos eléctricos (2). (Maio)
- Xornada técnica risco eléctrico en actuacións empresariais en obra pública. (Outubro)
- Curso riscos eléctricos. (Outubro)

Feira do Moble de A Estrada

Centro ISSGA. Pontevedra

- Xornada técnica riscos laborais na industria da madeira. (Setembro)



3.6.3. Participación social

Durante o 2009 mantivéronse reunións de traballo con entidades sectoriais relevantes coas que desenvolver accións conxuntas. Entre elas, pódense destacar:

- Foro Galego do Metal. Neste foro está presente o ISSGA con representantes da Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (Asime) e as centrais sindicais: Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT Galicia), Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (S.N. de CC.OO. de Galicia) e Confederación Intersindical Galega (CIG).
- Mesa Técnica de Formación no Metal, técnicos de formación do ISSGA con técnicos de Asime, as empresas do sector do metal e as centrais sindicais.
- Mesa do Naval. O ISSGA forma parte xunto con outros representantes da Consellería de Traballo, a Inspección de Traballo, as empresas do clúster do Naval, Asime e as centrais sindicais: UGT Galicia, S.N. de CC.OO. de Galicia e CIG.

- Mesa da Pedra. O ISSGA forma parte xunto con outros representantes da Consellería de Traballo, a Inspección de Traballo, a Asociación de Graniteiros de Galicia (A.G.G.), unha empresa do sector e as centrais sindicais: UGT Galicia, S.N. de CC.OO. de Galicia e CIG.
- Mesa da Construción. O ISSGA forma parte da Comisión Paritaria xunto con outros representantes da Consellería de Traballo, a Inspección de Traballo, a Fundación Laboral da Construción, APEC e as centrais sindicais: UGT Galicia, S.N. de CC.OO. de Galicia e CIG. Por outra parte a Mesa Técnica da Construción está formada por representantes do ISSGA, Fundación Laboral da Construción, APEC e as centrais sindicais: UGT Galicia, S.N. de CC.OO. de Galicia e CIG.
- Comités Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral, están constituídos con cada provincia pola xefatura do centro provincial do ISSGA e representantes do Departamento Territorial de Traballo e Benestar, da Inspección Provincial de Traballo, das confederacións provinciais de empresarios e as centrais sindicais máis representativas.

4. Relacións con outros organismos

4.1. Convenios

- Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e a Fundación Laboral da Construción (FLC) para o asesoramento e asistencia técnica en materia de prevención de riscos laborais no sector da construción. Data da firma: 11 de febreiro de 2009.
- Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e o Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación CETMAR para o desenvolvemento de actividades de formación permanente. Data da firma: 7 de abril de 2009.

4.2. Coordinación con outros organismos da Administración

- Dirección Xeral de Relacións Laborais. Consellería de Traballo e Benestar.
 - Comisión de Goberno do ISSGA.
 - Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias.
- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
 - Rede de comunicación dos accidentes laborais. (112)
 - Xestión de emerxencias en parques empresariais.

- **Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación. Consellería de Sanidade.**
 - Comisión de Goberno do ISSGA.
 - Desenvolvemento dunha unidade docente de Medicina do Traballo.
 - Plan de actuación das empresas ante a gripe A (H1N1).
- **Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas. Consellería de Economía e Industria.**
 - Comisión de Goberno do ISSGA.
 - Estudo epidemiolóxico en canteiras.
- **Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Consellería do Mar.**
 - Plan Vixía e dentro deste Programa Aboia, en colaboración coa Federación Galega de Confrarías de Pescadores.
 - Proxecto Saúde, coa participación de LEITAT, Agamar, Instituto de Biomecánica de Valencia, Cetmar e a Consellería de Pesca.
 - Grupo de traballo para a elaboración de material audiovisual de prevención para o sector pesqueiro.
 - Proxecto Grundtvig-FEP
- **Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.**
 - Campaña *Moitollo*.
- **Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS).**
 - Plan de actuación en obras singulares: grandes obras.
 - Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias.

- Plan Vixía.
- Programa Segumar.
- Instituto Nacional de la Seguridad Social (INSS).
 - Equipos de valoración de incapacidad (EVI).
 - Determinación de coeficientes reductores.
- Escola Galega de Administración Pública. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
 - Colaboración na realización de cursos de formación.

5. Actuación técnica


5.1. Tarefas de investigación e asistencia técnica (Art. 3 parágrafo 2b Lei 14/2007)

Lévanse a cabo co obxecto de determinar as causas de accidentes, para evitar a súa recorrencia e mesmo como base técnica para asignar responsabilidades.

5.1.1. Investigación de accidentes leves, graves e mortais (Lei 14/2007 funcións ISSGA artigo 4a, 4f)

Investíganse todos os accidentes mortais e unha maioría dos graves, limitándose nos casos leves aos requirimentos da Inspección de Traballo e Seguridade Social ou dos xulgados. En casos particulares, realízase en coordinación coa Inspección de Traballo, e en calquera caso, remítese sistematicamente a esta o informe correspondente. No caso de que, por calquera causa non sexa posible a emisión de informe, xérase unha nota interna que o xustifique.

Investigacións de Accidentes	Mortais	Graves	Leves	Totais
Pesca	7	31	3	41
Construción	35	176	18	229
Industria	12	178	34	224
Servizos	6	89	17	112
Agricultura	3	45	9	57
Totais	63	519	81	663



5.1.2. Investigación de accidentes consonte ao Convenio coa Fiscalía (Plan Estratéxico, obxectivo 8 acción 3)

En virtude do protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores e das traballadoras, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias, e consonte coa Resolución do 28 de xuño de 2007 da Consellería de Traballo, establecéronse quendas de gardas, e un protocolo para o efectivo exercicio das funcións enumeradas no punto 4 do acordo reflectido pola devandita resolución.

Investigación de Acci- dentes Consonte ao Convenio coa Fiscalía	Mortais	Graves	Outros	Totais
Pesca	2	1		3
Construción	14	13	5	32
Industria	9	11	5	25
Servizos	2	5	2	9
Agricultura	3	1	1	5
Totais	30	31	13	74


5.1.3. Investigación de enfermidades profesionais

O cadro de enfermidades profesionais no sistema da seguridade social publicouse no RD 1299/2006 do 10 de novembro (BOE 19/11/2006). Como base para a súa prevención realízanse informes das enfermidades profesionais mortais e graves, e as leves con algunha significación singular, e remítense os informes correspondentes á ITSS.

Investigacións Enfermidades Profesionais	Grupo de Enfermidade Profesional						
	1	2	3	4	5	6	Totais
Pesca					2		2
Construción	2	24		39	12		77
Industria	14	12	2	19	11	1	59
Servizos	6	42	13	17	4		82
Agricultura	1			2			3
Totais	23	78	15	77	29	1	223
Nº Visitas	21	50	12	31	22		136
Informes	20	56	13	46	19	1	155

Nota aclaratoria:

- Grupo 1: enfermidades profesionais causadas por axentes químicos
- Grupo 2: enfermidades profesionais causadas por axentes físicos
- Grupo 3: enfermidades profesionais causadas por axentes biolóxicos
- Grupo 4: enfermidades profesionais causadas por inhalación de sustancias e axentes non comprendidas noutros apartados
- Grupo 5: enfermidades profesionais da pel causadas por sustancias e axentes non comprendidos nalgúns dos outros apartados
- Grupo 6: enfermidades profesionais causadas por axentes carcinoxénicos



5.1.4. Actuacións dos técnicos habilitados

Ao abeiro do Decreto 138/2007, do 5 de xullo, polo que se regula a habilitación do persoal técnico para o exercicio de actuacións comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo, da Lei 14/2007 de creación do ISSGA e da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, ós técnicos habilitados correspóndelles a facultade de realizar funcións de asesoramento, información e comprobación das condicións materiais e técnicas de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo coa capacidade de requirimento de emenda das deficiencias observadas, requirimento cuxo incumprimento pode dar lugar á práctica de acta de infracción pola Inspección de Traballo e Seguridade Social.


Actuacións dos técnicos habilitados	Nº actuacións
Construción	203
Hixiene	167
Industria	206
Medicina	4
Pesca	139
Totais	719

5.1.5. Asistencias técnicas a requirimento de organismos, empresas e traballadores (inclúense as asistencias prestadas aos tribunais de xustiza en función do artigo 4f da Lei 14/2007)

A análise das condicións de traballo é unha importante labor técnica do ISSGA, que se realiza por requirimento de xuíces e tribunais, inspección de traballo, outras administracións públicas e empresas e traballadores e as súas organizacións representativas.

Asistencia técnica a requirimento	Seguridade	Hixiene	Medicina	Totais
De empresas ou asociacións empresariais	17	228	17	262
De traballadores ou sindicatos	47	59	20	126
De administracións	273	186	7	466
Da Inspección	158	48	34	240
Outras	220	6	6	232
Accións conxuntas coa Inspección	312	7	2	321
Actuacións nos xulgados	149	2	3	154
Totais	1176	536	89	1.801

ASISTENCIA TÉCNICA A REQUIRIMENTO



5.2. Programa de traballos desenvolvidos para a autoridade laboral

As decisións da autoridade laboral deben ter en conta aspectos técnicos. Neste eido, o ISSGA préstalle o seu apoio, e mesmo ten asumida, para obter unha maior dilixencia e efectividade, a xestión de determinados procedementos administrativos.

- **Amianto**

Rexistro de empresas con risco de amianto (RERA), autorización, control e seguimento de plans de traballo, desenvolvendo todo o traballo técnico e administrativo ata a resolución do expediente.

O ISSGA ten encomendadas estas funcións na Orde do 2 de decembro do 2008.

Amianto	
Plans aprobados	148
Traballos notificados	442
Altas empresas RERA	55
Baixas empresas RERA	17

- **Exención de auditoría**

As empresas que cumpren os requisitos do artigo 29 do RD 39/1997, *Regulamento dos Servizos de Prevención*, poden presentar ante a autoridade laboral a notificación sobre concorrencia de condicións que non fan necesario recorrer á auditoría do sistema de prevención da empresa.

Exención de auditoría	
Nº Comunicadas	39
Denegadas	12

- **Informes técnicos** para que a autoridade laboral fundamente as súas resolucións de autorización ou acreditación nos seguintes casos:

Informes técnicos emitidos	
Informes sobre entidades formativas	38
Informes sobre servizos de prevención	24
Informes sobre entidades auditoras	1

5.3. Asesoramento (art. 3 parágrafo 2c Lei 14/2007)

As accións de asesoramento sobre aspectos técnicos e organizativos, que desenvolve o ISSGA como parte das súas funcións, son fundamentais para mellorar a eficacia das actividades preventivas.

5.3.1. En colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social

- **Seguimento de grandes obras de construción**, co seguinte esquema territorial:

Provincia	Obra
A Coruña	Autovía do Barbanza Obras do AVE Cidade da Cultura Porto Exterior de Sabón
Lugo	Obras do AVE Autovía A54 (3 treitos) Autovía A 56 (1 treito) Ponte sobre o río Miño Autovía A8 (9 treitos)
Ourense	Obras do AVE Autovía AG 53 (3 treitos) Autoestrada Verín - Fronteira Portuguesa (2 treitos)
Pontevedra	Obras do AVE Eixo Atlántico Embalse de Frieira Auditorio de Vigo Variante de Marín



Plan de Actuacións en Grandes Obras	Técnicos do ISSGA coa ITSS	Técnicos do ISSGA	Técnicos habilitados	Totais
Visitas	116	57	6	179
Actuacións	295	227	11	533
Requirimentos	46	2	5	53
Xuntanzas	44	37	5	86
Investigación de accidentes	9	4	0	13
Nº de empresas	576	614	56	1.246

- **Plan Sectorial de Pesca**

- **Plan Vixía**

Ten por obxecto implantar unha conciencia preventiva no sector pesqueiro, mellorando os hábitos de traballo e favorecendo unha utilización segura dos materiais e equipos de traballo, e velar polo cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais neste sector.

Desenvólvese mediante visitas ás embarcacións realizadas por equipos especializados constituídos por un inspector/a de traballo e seguridade social e por un técnico/a do ISSGA, facendo fincapé basicamente nos buques afectados polo R.D. 1216/97 (máis de 15 m de eslora).

- **Programa Segumar**

Este programa é froito dun acordo entre o Ministerio de Fomento, o antigo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (hoxe Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño) e o Ministerio de Traballo para dotar de maior seguridade ao sector pesqueiro, en buques de menos de 24 metros de eslora.

As visitas realízanse por técnicos de Fomento, o Instituto Social de la Marina, inspectores de traballo e seguridade social, e técnicos do ISSGA.

Plan Sectorial de Pesca	
Actuacións	138

5.3.2. Accións propias do ISSGA: plans sectoriais (incluído P.E. Obx. 6 Acc. 2)

As actividades planificadas, fundamentalmente de carácter sectorial, que inciden en determinados aspectos concretos da prevención de riscos laborais, contribúen tanto á redución da sinistralidade e das

enfermidades profesionais, como a desenvolver unha cultura preventiva nos sectores produtivos onde é máis necesaria.

A cuantificación das accións segundo plans ou programas foi a seguinte:

Plan / Programa	Total actuacións
Plan de actuación de obras singulares	315
Plan de actuación de empresas singulares	23
Plan sectorial agrícola-gandeiro	280
Acción traballadores autónomos	124
Plans sectoriais de loita contra a sinistralidade	659
Plan sectorial de pesca	138
Serradoiros e rematadores de madeira	52
Plans específicos hixiene	178
Plans específicos ergonomía	2
Visitas a iniciativa	536
Outras accións programadas	640

- Outras actuacións técnicas

A información, como base para a toma de decisións, é fundamental para unha prevención eficaz. O ISSGA asumiu a análise estatística da sinistralidade e a súa difusión, e cerrou o círculo iniciado no tratamento dos parte de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Outras actuacións técnicas	Total actuacións
Equipo de Valoración de Incapacidades (EVI), expedientes	264
Consultas escritas	465
Consultas verbais	1.793
Reunións de traballo	589
Impartición de cursos, ponencias	222
Asistencia a xornadas, cursos, etc.	451
Estudos singulares elaborados	13
Plans e estudos de seguridade na Construción	8.376
Avisos previos	5.346
Libro de incidencias	261
Tratamento estatístico de partes de AT e EP	76.016
Secretaría dos Comités Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral	19

AT: accidente de traballo / EP: enfermidade profesional/ EVI: equipo de valoración de incapacidades

Nos equipos de valoración de incapacidades (EVI) do Instituto Nacional da Seguridade Social-INSS un técnico do ISSGA actúa como experto en seguridade e saúde laboral.

5.4. Accións formativas

Dirixidas a traballadores, empresarios, técnicos, etc.

(incluído no plan estratéxico, obxectivo 8 acción 1)

	Nº accións	Nº alumnos
Cursos básicos de prevención de riscos laborais-30 horas	12	355
Cursos básicos de prevención de riscos laborais-50 horas	1	20
Cursos básicos de prevención de riscos laborais en liña-60 horas	3	366
Cursos de especialidades	1	45
Xornadas	28	1.854

A oferta formativa 2009

A oferta formativa do ISSGA dáse a coñecer fundamentalmente a través da páxina web e a distribución de dípticos coa oferta formativa anual.

Tamén se pode consultar nos centros que o ISSGA ten nas catro provincias e onde se desenvolve a maioría da actividade formativa presencial ofertada.

As accións formativas de diferente tipo desenvolvidas no 2009 foron as seguintes:



5.4.1. Cursos

- Curso de prevención de riscos laborais. Nivel básico 30 h.
- Curso de prevención de riscos laborais. Nivel básico 50 h.
- Curso de prevención de riscos laborais en liña. Nivel básico 60 h.
- Curso de especialidades. “Curso de actualización en medicina laboral. Neumopatías profesionais”.

5.4.2. Xornadas técnicas

Centro ISSGA. A Coruña.

- R.D. 1644/2008. Comercialización de máquinas. A súa aplicación ao sector Construción.
- Consideracións técnicas sobre a nova guía de exposición ao amianto.
- Integración da prevención no sistema xeral de xestión da empresa.
- As vibracións mecánicas como axentes físicos.
- Riscos laborais en embarazo e lactación.
- Exposición dos traballadores ao ruído. Guía técnica do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo relativa ao Real Decreto 286/2006.
- Riscos de orixe ergonómica en postos de telemarketing.

Centro ISSGA. Lugo.

- Traballos en emprazamentos con riscos de incendio ou explosión.
- A gripe A/H1N1 no ámbito da seguridade e saúde laboral.
- Lei de subcontratación e regulamento. REA.
- Riscos nos traballos con exposición a amianto. Guía técnica.
- Estadas. Normativa de aplicación. Montaxe, utilización e desmontaxe.
- Montacargas de obras. Normativa de aplicación. Montaxe, utilización e desmontaxe.

Centro ISSGA. Ourense

- Inspección e diagnóstico de amianto en edificios e instalacións.
- Seguridade viaria.
- PRL, organización empresarial, estilos de mando.
- A gripe A/H1N1 no ámbito da seguridade e a saúde laboral.
- Traballos a quendas.
- Investigación de accidentes como técnica preventiva.
- Modificacións normativas en PRL. Construción. Subcontratación.
- Mobbing.

Centro ISSGA. Pontevedra

- RD 1644/2008, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas.
- Responsabilidades en Prevención para PEMES e Autónomos no Sector da Construción.
- A formación ao longo da vida para a seguridade e a saúde no traballo no sector pesqueiro: experiencias en Galicia.
- Criterios de aplicación do RD 396/2006 sobre amianto.
- Riscos laborais en oficinas e pequeno comercio.
- Os riscos laborais no sector naval.
- Prevención de riscos en traballos de marisqueo. Proxecto Saúde.

5.5. Hixiene Analítica

O ano 2009 pódese considerar un período de transición no que se refire ó funcionamento do laboratorio de hixiene analítica.

Os traballos realizados encamiñáronse principalmente ás seguintes cuestións:

- Adecuar o laboratorio con vistas á ofertar a realización de análises externas.
- Solicitar a acreditación do mesmo en varios procedementos, consorte á norma UNE-EN 17025.

Os procedementos a acreditar refírense á determinación de materia particulada en filtros de PVC, a determinación de certos vapores orgánicos en tubos de carbón activo por cromatografía de gases, a determinación de certos metais en filtros de ésteres de celulosa por espectrofotometría de absorción atómica, e a acreditación, neste caso polo Real decreto 39672006, no reconto de febras de amianto e outras febras en aire por microscopía óptica de contraste de fases. Comezouse coa preparación da documentación necesaria: procedementos analíticos, listado e fichas de equipos, fichas de toma de datos, etc.

Por outra banda, continuouse coa renovación do equipamento e do mobiliario do laboratorio, no que cabe subliñar:

- O concurso público para a adquisición dun novo espectrofotómetro de absorción atómica que conta, ademais de coa chama, con forno de grafito e con xerador de hidruros.
- A adquisición de novos mobles para o laboratorio
- A realización de certas obras menores de adaptación.
- A adaptación do almacén de produtos químicos, así como o traslado e a clasificación dos mesmos.

Consolidouse tamén a participación do laboratorio nos programas interlaboratorios de control de calidade organizados polo INSHT, nos que xa se viña participando: vapores orgánicos en tubos de carbón activo (PICC-VO), metais en filtros (PICC-Met), chumbo en sangue (PICC-Pbs) e metais en urina (PICC-MetU). Ademais, incorporouse a

dous programas novos referidos á análises gravimétricas, PICC-Gr, e ó reconto de febras en filtros, PICC-FA. Neste último programa participamos simultaneamente en dúas series, xa que este é o número mínimo de series esixido para poder solicitar a acreditación como laboratorio especializado na análise (reconto) de fibras de amianto, segundo o Real decreto 396/2006.

As análises realizadas no laboratorio, a resultados do maior período efectivo de actividade con respecto do ano 2008, aumentaron tanto no que se refire a mostras procedentes de controis de calidade, como a aquelas outras que teñen orixe nos propios centros de seguridade e saúde laboral do ISSGA.

O longo do ano os técnicos do laboratorio de hixiene analítica participaron en diferentes actividades de formación, xornadas, seminarios e cursos de cualificación e especialización.



Nas táboas que figuran a continuación resúmense as análises levadas a cabo polo laboratorio de hixiene analítica durante o ano 2009.

Na táboa I faise un resumo por técnicas analíticas. Durante o ano 2009 analizáronse mostras polas técnicas de absorción atómica (metais en filtros ou en mostras biolóxicas) ou por cromatografía de gases (vapores orgánicos en tubos de carbón activo), por gravimetría (materia particulada en filtros) e por microscopía óptica con contraste de fases (reconto de febras de amianto).

No resto das táboas, da II á IV, especifícanse as análises anteriores segundo o tipo de mostra que se analizou. Así, separamos as mostras correspondentes a metais en filtros de ésteres de celulosa, TÁBOA II, a metais en mostras biolóxicas, TÁBOA III, e a vapores orgánicos en tubos de carbón activo, TÁBOA IV, materia particulada en filtros, TÁBOA V, e reconto de febras de amianto en filtros, TÁBOA VI.

TABOA I. Determinacións de mostras hixiénicas, segundo técnicas analíticas, realizadas no laboratorio de hixiene analítica situado no Centro do ISSGA en Pontevedra.

Técnica analítica	Nº determinacións
Espectrofotometría de Absorción Atómica	1.228
Cromatografía de gases	984
Gavimetría	130
Microscopía	194
Totais	2.536

TABOA II.- Determinacións de metais en filtros de membrana correspondentes ó PICC-Met (Programa interlaboratorios de control de calidade – metais).

Metal	Nº mostras	Nº análises	Nº determinacións
PICC-Met	20	80	144

TÁBOA III.- Determinacións de metais en mostras biolóxicas correspondentes ó PCCC-MetU (Programa interlaboratorios de control de calidade – metais en ouriños) e ó PCCC-Pbs (Programa interlaboratorios de control de calidade – chumbo en sangue) ou a mostras de procedencia interna, do laboratorio de medicina do propio Centro, e a mostras de procedencia externa, biopsias hepáticas procedentes de anatomía patolóxica de hospitais.

Procedencia	Nº mostras	Nº análises	Nº determinacións
PCCC-MetU	14	28	448
PCCC-Pbs	33	33	258
Procedencia interna	4	10	108
Procedencia externa	9	23	270
Totais	60	94	1.084

TABOA IV.- Determinacións de vapores orgánicos en mostras tubos de carbón activo correspondentes ó PCCC-VO (Programa interlaboratorios de control de calidade – vapores orgánicos) e mostras de procedencia interna:

Metal	Nº mostras	Nº análises	Nº determinacións
PCCC-VO	15	30	240
Procedencia interna	39	78	744
Totais	54	108	984

TABOA V.- Determinacións de materia particulada en filtros correspondentes ó PICC-Gr (Programa interlaboratorios de control de calidade – gravimetría) e a mostras de procedencia interna (ISSGA):

Filtros	Nº mostras	Nº análises	Nº determinacións
PICC-Gr	40	40	80
Procedencia interna	25	25	50
Totais	65	65	130

TABOA VI.- Reconto de febras de amianto en filtros correspondentes ó PICC-FA (Programa interlaboratorios de control de calidade – febras de amianto):

Filtros	Nº mostras	Nº análises	Nº determinacións
PICC-FA	52	52	194

6.6. Medicina do Traballo

Os catro centros provinciais do ISSGA realizan recoñecementos médicos en patoloxías concretas para poder facer estudos epidemiolóxicos; asemade, fanse recoñecementos médicos e análises correspondentes a actividades programadas, ou a demanda, fundamentalmente a traballadores autónomos e traballadoras autónomas, correspondentes á vixilancia da súa saúde.

Estes recoñecementos corresponden principalmente a:


- Informes médicos para traballadores que solicitan invalidez por danos á saúde laboral.
- Solicitudes da unidade de valoración de incapacidades, para a diagnose de enfermidades profesionais, cambio de continxencia ou declaración de aptitude.
- Solicitud do Servizo Galego de Saúde, SERGAS, requirimentos e probas específicas para diagnose de danos de orixe laboral.
- Solicitud de servizos de prevención, probas específicas para diagnose de danos de orixe laboral.
- Solicitud de empresas e traballadores: recoñecementos médicos específicos.
- Solicitud da Inspección de Traballo: probas específicas e informes sobre a idoneidade dos recoñecementos médicos.

Así mesmo, realizan investigacións de enfermidades profesionais e avaliacións ergonómicas de postos de traballo.

Recoñecementos médicos	3.293
Empresas	2.038
Organismos	771
Análise	3.057
Número de determinacións	150.627
Número de probas complementarias	19.230

Probos complementarias realizadas:

Probos auditivas	3.528
Probos respiratorias	3.054
Probos visuais	9.831
Probos cardíacas	2.528
Probos radiolóxicas	135
Probos cutáneas	90
Outras probas	816
Totais	19.982



P. Hematolóxico	Nº probas x Nº traballadores	67360
P. Bioquímico	Nº probas x Nº traballadores	49776
Probos ouriños	Nº probas x Nº traballadores	31705
Perfil serolóxico	Nº probas x Nº traballadores	2224
Outras	Nº probas x Nº traballadores	452
Totais	Nº probas x Nº traballadores	151518

6. Directorio

ISSGA - Dirección

Casa da Parra
Praza da Quintana de Vivos, s/n
15704 SANTIAGO DE
COMPOSTELA
Tlf.: 981 957 018
Fax: 881 999 433
E-mail:
issga@xunta.es



Centro ISSGA A Coruña

Avda. De Monserrat, s/n
15006 A Coruña
Tlf.: 981 182 329
Fax: 981 182 332
E-mail:
segur.hixiene.coruna@xunta.es



Centro ISSGA Lugo

Ronda de Fingoi, 170
27071 Lugo
Tlf.: 982 294 300 Fax: 982 294 336
E-mail:
segur.hixiene.lugo@xunta.es



Centro ISSGA Ourense

Camiño de Prado Lonia, s/n
32872 Ourense
Tlf.: 988 386 395 Fax: 988 386 222
E-mail:
segur.hixiene.ourense@xunta.es



Centro ISSGA Pontevedra

A Regasenda, s/n
36812 Rande - Redondela
Pontevedra
Tlf.: 886 218 100 Fax: 886 218 102
E-mail: rande@xunta.es



7. Anexos

Decreto 361/2009, do 30 de xullo (DOG 31/07/2009)

Decreto 361/2009, do 30 de xullo, polo que se nomea directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral a M^a Adela Quinzá-Torroja García.

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, por proposta da conselleira de Traballo e Benestar e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día trinta de xullo de dous mil nove,

Nomeo directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral a M^a Adela Quinzá-Torroja García.

Santiago de Compostela, trinta de xullo de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

Orde do 9 de novembro de 2009 (DOG 20/11/2009)

Orde do 9 de novembro de 2009 pola que se actualiza a composición da Comisión de Goberno do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga).

A Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, dedica o seu capítulo I ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, e establece como os seus órganos de dirección e xestión a Dirección e a Comisión de Gober-

no. Concretamente, nos seus artigos 7 e 8 regula a Comisión de Goberno, as súas funcións, a composición e o procedemento de nomeamento dos seus membros.

Así mesmo, o Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, regula no seu artigo 4 a Comisión de Goberno como máximo órgano de dirección do

instituto, establecendo a súa composición e funcións.

Pola Orde do 8 de setembro de 2008 nomeáronse os membros da Comisión de Goberno do Issga (DOG nº 176, do 11 de setembro).

Con motivo da publicación do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a nova estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG nº 77, do 22 de abril) e da proposta de novos representantes realizadas por algunhas organizacións sindicais, cómpre efectuar, facendo uso da autorización prevista no artigo 7 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, a actualización da composición da Comisión de Goberno do instituto, cos seguintes novos nomeamentos.

DISPOÑO:

Artigo 1º

Actualizar a composición da Comisión de Goberno do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, deixando sen efecto os nomeamentos realizados por Orde do 8 de setembro de 2008, publicada no DOG nº 176, do 11 de setembro.

Artigo 2º

1. A Comisión de Goberno está formada por:

a) Presidencia da comisión, que será o director ou directora xeral con competencias en materia de relacións laborais.

b) Dúas vicepresidencias:

- O secretario ou secretaria xeral da Consellería de Sanidade, en representación e por proposta desta consellería.

- O director ou directora da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, en representación da Consellería de Economía e Industria e por proposta desta.

c) Tres vogais en representación da Administración:

- O director ou directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga).
- A persoa titular da Subdirección Xeral Técnica e de Planificación do Instituto.
- A persoa titular da xefatura do Servizo de Seguridade e Saúde Laboral, por proposta do titular da dirección xeral con competencias en materia de relacións laborais.

2. Como vogais da Comisión de Goberno do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, por proposta das súas correspondentes organizacións sindicais, noméanse as persoas que se relacionan a seguir:

2.a) Pola Unión Xeral de Traballadores de Galicia: Carlos Bellas Cebreiro.

2.b) Polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras: Ascensión Esteban Ceballos.

2.c) Pola Confederación Intersindical Galega: Fernando Sabio Maroño.

3. Noméanse como vogais do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral, por proposta da organización empresarial, as persoas que se relacionan a seguir:

Pola Confederación de Empresarios de Galicia:

Antón Arias Díaz-Eimil.

Ovidio Pérez Reñones.
José Antonio Neira Cortés.

Artigo 3º

Realizará as funcións da secretaría da Comisión de Goberno do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, con voz pero sen voto, a persoa titular da Subdirección Xeral de Administración e Persoal do Instituto Galego de Seguridade e Saúde

Laboral, actuando como suplente a persoa titular da xefatura do Servizo de Administración xeral deste organismo, nomeadas para o efecto pola dirección do instituto.

Santiago de Compostela,
9 de novembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

Resolución do 9 de setembro de 2009 (DOG 16/09/2009)

Resolución do 9 de setembro de 2009 pola que se lle dá publicidade ao acordo entre a Administración da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais sobre determinadas condicións especiais de traballo para o establecemento das gardas dos técnicos dos centros de seguridade e saúde laboral con base no protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia, para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias.

De conformidade co acordado pola Comisión de Persoal da Xunta de Galicia na reunión realizada o día 7 de agosto de 2009 polos representantes da Administración autonómica e as organizacións sindicais presentes na comisión, sobre determinadas condicións especiais de traballo para o establecemento das gardas dos técnicos dos centros de seguridade e saúde laboral do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, esta dirección

RESOLVE:

Dar xeral coñecemento do acordo acadado entre a Administración da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais sobre determinadas condicións especiais de traballo para o establecemento das gardas dos técnicos dos centros de seguridade e saúde laboral con base no protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias, que figura como anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2009.

Adela Quinzá-Torroja García

Directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

ANEXO

Acordo entre a Administración da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais sobre determinadas condicións especiais de traballo para o

establecemento das gardas dos técnicos dos centros de seguridade e saúde laboral con base no protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias.

Santiago de Compostela,
19 de agosto de 2009.

Dunha parte, Adela Quinzá-Torroja García, directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, nomeada para o cargo polo Decreto 361/2009, do 30 de xullo, en exercicio das facultades que ten atribuídas pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Doutra parte, os representantes das organizacións sindicais na Comisión de Persoal:

Manuel Gallardo Canitrot, en nome e representación da Confederación Intersindical Galega.

José Emilio Doforno Guzmán, en nome e representación do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia.

José Francisco Núñez Rodríguez, en nome e representación do Sindicato Unión Xeral de Traballadores de Galicia.

Amador Villaverde Castiñeiras, en nome e representación da Central Sindical Independente e de Funcionarios.

As partes recoñécense, mutuamente, na calidade con que cada unha

intervén, a capacidade legal necesaria para o outorgamento deste documento e para o efecto,

EXPOÑEN:

A especial preocupación xerada en torno aos accidentes de traballo e o interese por impulsar unha cultura preventiva no conxunto da sociedade levan a que desde a Administración, e xunto cos axentes sociais implicados, se poñan en marcha distintos mecanismos e fórmulas de loita contra a sinistralidade.

No seu día manifestouse a necesidade de mellorar os mecanismos de actuación das administracións públicas en xeral en relación aos accidentes de traballo e optimizar o apoio e asesoramento necesarios á Fiscalía e á xudicatura para a investigación dos posibles delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como a necesidade de reforzar os mecanismos para a execución efectiva das sancións administrativas e das sentenzas xudiciais condenatorias. E así, co obxectivo de establecer mecanismos eficaces de investigación de accidentes de traballo, asinouse un protocolo de colaboración entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade dos traballadores.

Conscientes de que para facer efectiva a dita colaboración é necesaria a presenza inmediata no lugar do accidente da Inspección de Traballo e dos órganos técnicos competentes en materia de seguridade e saúde laboral da comunidade autónoma, instrumentouse, a través dun acordo entre a Administración

da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais, a regulación da dispoñibilidade dos técnicos dos centros provinciais de seguridade e saúde laboral, mediante a definición dun sistema de gardas permanente, que asegúrase a dispoñibilidade dos técnicos para acudir, a calquera hora do día e todos os días do ano ao lugar do accidente en canto este se coñeza.

O dito acordo foi asinado polas partes o 22 de xuño de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 132, do 9 de xullo), que sería modificado o 12 de xuño de 2008 e rematada a súa vixencia o 31 de decembro de 2008.

Logo da súa creación, mediante a Lei 14/2007, do 30 de outubro, e da súa posta en funcionamento mediante a Orde do 24 de xuño de 2008, é ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral ao que lle corresponde, como órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais, regular a dispoñibilidade do devandito persoal técnico e establecer o sistema de gardas permanente, polo que, á vista do acordado na Comisión de Persoal que tivo lugar o 7 de agosto de 2009,

ACORDAN:

1. Ámbito de aplicación.

1.1. Territorial: este acordo será de aplicación en toda a comunidade autónoma.

1.2. Persoal: este acordo será de aplicación ao persoal técnico, que sexa necesario, dos centros provinciais de seguridade e saúde laboral do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, respectando sem-

pre o carácter voluntario do servizo, de tal xeito que se garanta a dispoñibilidade dun técnico por provincia.

2. Condicións de traballo.

O persoal técnico, con carácter voluntario, realizará a prestación de servizos extraordinarios no marco dun protocolo de colaboración entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade dos traballadores, baseado nunha maior dispoñibilidade.

Esta maior dispoñibilidade tradúcese na prestación do seguinte servizo:

Unha quenda semanal de dispoñibilidade que comprenderá de luns a venres, das 15.15 ás 7.45 horas do día seguinte e os sábados, domingos e festivos as 24 horas, con desempeño das funcións relacionadas no punto 4. As quendas poderán organizarse por períodos distintos aos semanais, logo de acordo co persoal técnico afectado e segundo necesidades do servizo.

A dispoñibilidade enténdese como presenza localizada, por teléfono, e disposición inmediata de desprazamento ao lugar da provincia necesario.

3. Persoal afectado.

O sistema de gardas pretende garantir a dispoñibilidade dun técnico por provincia e será de carácter voluntario e rotatorio entre o persoal que reúna os coñecementos e experiencia necesarios na investigación de accidentes consonte coas funcións que desempeñará definidas no punto 4. Este carácter

rotatorio fixarase a través dos correspondentes cuadrantes que se elaborarán trimestralmente.

O persoal será técnico con capacidade e experiencia, designado polo/a director/a do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

As características do feito ou accidente que desencadee a necesidade de intervención do técnico de garda poden requirir coñecementos especializados, pero é lóxicamente imposible manter de garda técnicos especialistas das diferentes situacións. Os técnicos de garda, ademais da súa propia especialidade, deberán ter capacidade suficiente para poder realizar as funcións de primeiras actuacións técnicas definidas no punto seguinte referidas a calquera situación.

4. Funcións que desempeñarán durante a prestación dos servizos de garda.

- Estar en situación de dispoñibilidade horaria durante o período da quenda e manterse localizable por teléfono móbil, desenvolvendo as actuacións correspondentes mediante os medios facilitados polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- Desprazarse ao lugar do accidente nos casos previstos no protocolo de actuación coa Fiscalía, para o suposto de accidentes mortais ou casos significativos ou relevantes.
- Desprazarse ao lugar do accidente e coordinarse coa Inspección de Traballo.
- Realizar as primeiras actuacións técnicas relativas á investigación

do accidente, incluíndo medicións, realizacións de fotos ou vídeos, entrevistas, requirimentos e demais recollidas de datos.

- Recadar da Policía Xudicial ou da Garda Civil a precintaxe ou inmovilizacións pertinentes.

A continuación, e como remate das actuacións técnicas, a elaboración dos oportunos informes será realizada polo técnico actuante en horario normal, ou, no caso de necesitarse a actuación dun técnico especialista diferente, serán realizadas por este técnico especialista coa información e o apoio que lle traslade o técnico de garda. A coordinación destas actuacións mixtas será realizada polo xefe/a do centro de seguridade e saúde laboral correspondente.

5. Aspectos retributivos.

O persoal técnico mencionado, polo cumprimento destas condicións especiais de traballo, percibirá as seguintes contías retributivas, en concepto de complemento de produtividade.

Dispoñibilidade día laborable: 31,13 /día.

Dispoñibilidade sábado, domingo e festivo: 74,29 /día.

Dispoñibilidade día de especial significación: 100,15 día.

Para estes efectos considéranse como días de especial significación para o ano 2009 os días 1 e 6 de xaneiro, 9 e 10 de abril, 1 de maio e 24, 25 e 31 de decembro.

As cantidades sinaladas serán actualizadas anualmente segundo a

Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O tempo dedicado aos desprazamentos e ás actuacións no lugar de intervención compensarase mediante redución do tempo de traballo en xornada normal en contía horaria equivalente, co obxectivo de non exceder a xornada horaria semanal de trinta e sete horas e trinta minutos.

A compensación horaria realizarase dentro dos trinta días hábiles seguintes ao día da súa realización, descontados os días de garda, e poderán acumularse as ditas compensacións, por petición do persoal técnico e segundo as necesidades do servizo, ata completar xornadas completas.

No caso de que as actuacións as que se fai referencia no parágrafo anterior se producisen de luns a venres despois das 22.00 horas, ou en calquera hora en xornada de sábado, domingo ou festivo, a compensación horaria será de dúas horas por cada hora efectivamente traballada. Esta compensación nunca poderá ser superior á dunha xornada completa.

6. Comisión de seguimento.

Créase unha comisión paritaria para o seguimento do recollido neste acordo, integrada polos seus asinantes coa composición que se determine.

7. Vixencia.

A vixencia deste acordo esténdese desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2009, prorrogable por períodos anuais de xeito automático, salvo denuncia expresa dalgunha das partes cunha antelación mínima de tres meses.

E, en proba de conformidade, asinan cinco copias deste acordo no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, Adela Quinzá-Torroja García.


Pola Confederación Intersindical Galega, Manuel Gallardo Canitrot.

Pola Unión Xeral de Traballadores de Galicia, José Francisco Núñez Rodríguez.

Polo Sindicato Nacional de Comisiones Obreiras de Galicia, José Emilio Doforno Guzmán.

Pola Central Sindical Independiente de Funcionarios, Amador Villaverde Castiñeiras.

Follas de Prevención editadas no 2009



RISCOS DE ORIXE ERGONÓMICA EN POSTOS DE TELEMÁRketing

Autora: **Bede Seseue Farré**
 Técnica Superior de Prevención de Riesgos Laborales e Diplomada en Enfermería de Empresa
 INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

O sector do telemarketing ou contact center, como agora máis se denomina, reúne empresas cuxo traballo consisten en:

• contactar ou ser contactado con clientes ben por vía telefónica, por medios telemáticos, por aplicación de tecnoloxía dixital ou por calquera outro medio electrónico, para a prestación, entre outros dos seguintes servizos que se enumeran a título enunciativo: contacto con clientes nos sectores multimedia, servizos de soporte técnico e técnico, servizos de cobros e pagos, promoción, difusión e venda de todo tipo de servizos, realización de...



FORMACION E FUNCIÓNS DOS COORDINADORES DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN

Autor: **José Manuel Blanco Montero**
 Técnico superior en Prevención de Riesgos Laborales, coordinador de seguridade e saúde nas obras de construción e asesor técnico industrial.
 Xefe do Servizo de Prevención de ACCIONA Infraestructuras, S.A. en Galicia.

No ano 1997, o Real decreto 1627 de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción incorpora e describe a figura do coordinador de seguridade e saúde en fase de proxecto e en fase de execución de obra.

Definición, esta figura defínese como un técnico "competente", designado polo promotor de obra para desenvolver as funcións establecidas principalmente nos artigos 24 e 25 do citado Real decreto 1627/1997.

Despóis de moitas interpretacións das "competencias" realizadas por distintos colectivos e profesionais, finalmente, a Lei 26/1995, de ordenación

de edificación, púnoa en este establecemento con rango normativo de lei, e no ámbito de edificación, as titulacións universitarias habilitantes para exercer as funcións de coordinador de seguridade e saúde nas obras de construción, tanto en fase de proxecto como en fase de execución de obra. Se ben é certo que a prevención de riscos laborais debe considerarse como unha materia transversal, non é menos certo que, no sector de construción, as funcións a desenvolver polos coordinadores de seguridade e saúde, tanto en fase de proxecto como en fase de execución de obra, están dadas esencialmente técnicas propias do sector: isto é, relacionadas cos procesos constructivos a executar e as súas posibles variacións, coa tecnoloxía que se utiliza nas obras de construción, os medios e equipos de traballo vinculados ás distintas unidades de obra... Durante tanto como base este coñecemento técnico estase en condición de calidade e relación coñecemento e probacións previas do sector de traballo, posto que a principal función



PRIMEIROS AUXILIOS (I)

- Reanimación cardiopulmonar básica para persoal non sanitario
- Asfixia en adultos e nenos

Autora: **Sílvia María Balcázar Ripa**
 Técnica Superior de Prevención de Riesgos Laborales e Diplomada en Enfermería de Empresa.
 INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL



REANIMACIÓN CARDIOPULMONAR BÁSICA PARA PERSOAL NON SANITARIO

Cando o corazón se detén, estamos ante unha parada cardíaca. Durante os minutos posteriores, o nivel de oxixeno en sangue segue sendo alto; por iso, na fase inicial da reanimación son máis importantes as compresións torácicas que a respiración artificial. Pasados uns poucos minutos, a nivel de oxixeno en sangue cae, e adquire importancia a respiración artificial. Un aparato chamado desfibrilador (DEA) analiza o ritmo cardíaco da vítima e provoca un choque eléctrico controlado que, en ocasións, pode restaurar o pulso.

A técnica de reanimación cardiopulmonar (RCP) en adultos debe ser utilizada no caso de persoas a partir dos 16 anos de idade.

Os pasos básicos para realizar a RCP son:

- Realizar compresións torácicas.
- Administrar respiración que legran coa boca e polo nariz.

Se o corazón detén de latir, o sangue non circula polo corpo e, polo tanto, os órganos vitais, sobre todo o cerebro, son privados de oxixeno. As células cerebrais non sobreviven máis duns poucos minutos sen a chegada de oxixeno.

Pódese manter artificialmente a circulación sanguínea mediante a masaxe cardíaca. Ao premir verticalmente sobre o centro do peito, comprímase o corazón contra a columna vertebral, expulsando o sangue das cavidades cardíacas e levando ao corpo. Cando cesa a presión, o corazón relaxase e o sangue é succionado de novo polo corazón. Para garantir unha boa oxenación hai que alternar a masaxe coa respiración artificial.

O aire que atemose ao pulmóns cando suficientemente para manter con vida a persoa á que se establece a reanimación mediante a respiración artificial.



RISCOS LABORAIS DA ACUICULTURA EN BATEA

Autor: **Niego Castro Balboa**
 Técnico superior en Prevención de Riesgos Laborales, Engenheiro Técnico Industrial e Graduado en Química.
 INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

INTRODUCCIÓN

A acuicultura defínese como o conxunto de técnicas produtivas destinadas á obtención de recursos hídricos. Unhas, tales como peixes, moluscos, crustáceos e aves, están en ambientes físicos controlados, ou finalidades de modificación ou adaptación a un medio natural, como a piscicultura, a maricultura, a explotación de algas, etc. No entanto, a explotación de algas, a explotación de moluscos e a explotación de crustáceos son actividades que se realizan en ambientes naturais, como a explotación de algas, a explotación de moluscos e a explotación de crustáceos. En Galicia, a acuicultura desenvólvese fundamentalmente en primeira metade do século XX, instalándose

a primeira batea para a cría de mexillóns (Mytilus galloprovincialis) na ría de Arousa, no ano 1945. Existen na actualidade máis de 2000 bateas repartidas polas rías de Arousa, Ulla, Pono, Miño, Sella, e Ourense. En canto ao cultivo de peixe, hai na actualidade 107 bateas, a maioría das calas producen sobre peixe.

CULTIVO DO MEXILLÓN¹

Mede a millóns de toneladas de mexillóns, a colleita en bateas na ría de Arousa é a maior de Galicia. Na actualidade, comercialízanse anualmente en Galicia máis de 200.000 toneladas de mexillóns, con exportacións a 140 países de produtos mariscos de Galicia.

O proceso de cultivo do Mexillón de Galicia dáse en tres fases:

1. OBTECCIÓN DA MEXILLÓN: A fase inicial do proceso é a obtención do mexillón "semente" ou "mexillón" das rochas de Ulla ou de outras localidades. No primeiro caso, os mexillóns despregan das pedras e medístanse, entre os meses de outubro e abril. A mexillón adócese a máis lentamente e o seu bico a máis forte. No segundo caso, os mexillóns das bateas e das colas colócanse para a cría en bateas de Laxeiro entre os meses de marzo e xuño.





CANCER E TRABALLO (III): DESENVOLVEMENTO LEXISLATIVO

Autor: Francisco Javier Cepa Rodríguez.
Técnico Superior en Prevención de Riesgos
Laborales, Licenciado en Ciencias Químicas.
Xefe do Equipo Técnico de Hixiene-Centro
de Seguridade e Saúde Laboral da Coruña.
INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL



AXENTES CANCERIXENOS

Axentes físicos cancerixenos

As formas de enerxía que poden provocar cancro ou aumentar a probabilidade de que este se desenvolva son os radionúcleos ionizantes.

Unha radiación consiste na propagación de enerxía en forma de ondas electromagnéticas ou partículas subatómicas a través do baleiro ou dun medio material. A radiación propagada en forma de ondas (ondas X, radio, luz, etc.) denomínase radiación electromagnética, mentres que a radiación corpuscular é a radiación transmitida en forma de partículas subatómicas (partículas α , neutróns, etc.).

Se a radiación transporta enerxía suficiente como para provocar ionización no medio que atravesa, diase que é unha radiación ionizante, en caso contrario fállese de radiación non-ionizante (cunha radiación de ionización de menor enerxía ou inferior a 100 eV [100-10-9] considérase ionizante).

Clases de radiacións ionizantes:

- Radiación α : son naturais corpusculares, produciéndose ao desintegrarse do radio 2 (polonio e 2) naturais, dando unha emisión de partículas positivas idénticas aos núcleos de helio. A súa traxectoria é recta e directa e que non fomentando ionizacións feitas un alcance menor que outro tipo de radiacións (en solución é tipicamente dous metros [10m-10-9]).
- Radiación β : tamén de natureza corpuscular, orixínase dando unha reacción nuclear: un neutrón se transforma nun protón e se emite un electrón (β^-). O alcance dunha radiación β en solución é tipicamente dous milímetros, e no aire é dous decenas de centímetros.
- Radiación γ : de natureza electromagnética, similar aos raios X, polo que non penetra cunha máis facilidade.

ISSGa



CANCER E TRABALLO (II)

Autor: Francisco Javier Cepa Rodríguez.
Técnico Superior en Prevención de Riesgos
Laborales, Licenciado en Ciencias Químicas.
Xefe do Equipo Técnico de Hixiene-Centro
de Seguridade e Saúde Laboral da Coruña.
INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL



INTRODUCCIÓN E EVOLUCIÓN HISTÓRICA

En 1775, Percival Pott, observou e notificou que algúns limpadores de chaminés que sufrían ao seu contacto presentaban cancro nos testos escrotos (as que continúan os testículos), unha forma rara de cancro en Inglaterra. Pott atribuíu o desenvolvemento dos tumores ao acúmulo de fétus nos pregos da pel do escroto polo feto de lavado das limpadoras de chaminés, e cal levou a considerar que o contacto de baño e a mudanza de roupa frecuentes podían evitar a doenza. Nos últimos tempos dos principios do século XX a inclusión de cancro por exposición a un axente canceríxeno (a fétus) e a) o seu posible prevención ao reducir a exposición.

Tanto Pott como o seu neto, Henry Davis, foron outros observadores, das cales deron conceptos centrais acerca do cancro. Constatación por exemplo que a profesión de limpador de chaminés se iniciaba en Inglaterra desde a infancia, o que facía supoñer a existencia dos períodos de latencia entre o inicio da exposición e a detección clínica do tumor. Así mesmo, deu-se conta de que non todos os limpadores de chaminés

desenvolvían cancro, o que suxería que non todos os individuos son igualmente susceptibles aos axentes canceríxenos.

Primeira banda, dúas investigacións posteriores. Yrigoyen e Induráin publicaron un traballo en 1915 no que reflicían indicaban cancro na pel da axila de coñecidos ao aplicarles alcatrán. Resultados semellantes obtivéronse ao probar a que outros animais con fétus, abradón de cabelo, axente de anilina e derivados de creosota. Pero non foi ata 1920, máis de cento cincuenta anos despois do desenvolvemento de P. Pott, que se identificou no axente a presenza de fétus (o plomo), un potente indutor de cancro que tamén estaba en vehículos de combustión, o fumo do tabaco ou fétus e o carvão.

A partir de aquí fíronse sucedendo distintos casos de exposición profesional a un axente químico ou físico e a exposición das cancerizacións. Kesting e Heise que en 1870 describiron o cancro de pulmón entre os mineiros do metal de Schwabach e Juchaczinski en Che-

ISSGa



PRIMEIROS AUXILIOS (e III)

■ Feridas

Autora: Sílvia María Balcázar Ripa.
Técnica Superior en Prevención de Riesgos
Laborales e Diplomada en Enfermería de
Empresa.
INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL



FERIDAS

CONCEPTO

Unha ferida é a perda de continuidade de calquera estrutura corporal ben sexa interna ou externa. Feridas externas: afectadas á pel e ás mucosas. Feridas internas: afectadas aos órganos.

ACTUACIÓN ANTE UNHA FERIDA LEVE

- 1) Lava as mans con auga e xabón e poña unhas liñas se dispoñen delas.
- 2) Elimina os corpos estranhos se os houberas, con axuda dunha pinza se dispoñes dela e, se non, pódese reducir con axuda dunha gasa. Lava con soro fisiolóxico ou outro auga corrente. Despois dando boque fírmese contra gasa.
- 3) Se a separación de bordos é importante, a ferida necesará ser suturada por un facultativo.

- 4) Unha vez que a ferida está limpa, desinfecta con antiseptico.
- 5) Se saíra cora e hemorraxia co medio máis adecuado.
- 6) Cubre con gases e sustitúes con apósito adhesivo ou cinta vendax.
- 7) Axuda ao médico para poñerlle a vacina antitetánica se a ferida está contaminada por terra ou por un obxecto impuro e a vítima non está convenientemente vacunada.
- 8) Se é posible deriva ao aire, xa que durante anos. Poñe a vacina antitetánica se:
 - Non foi vacunado nunca.
 - Non está seguro do tempo e da cantidade de inoculación recibida.
 - Reduciu a última inoculación hai máis de dez anos.

ISSGa



PRIMEIROS AUXILIOS (II)

■ Hemorraxias

Autora: Sílvia María Balcázar Ripa.
Técnica Superior en Prevención de Riesgos
Laborales e Diplomada en Enfermería de
Empresa.
INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL



HEMORRAXIAS

INTRODUCCIÓN

As hemorraxias son causa de emerxencia médica, polo que a actuación do socorrista debe ser rápida.

O aparato circulatorio compóñese o corazón e os vasos sanguíneos, encargados de abastecer o corpo dun fluxo constante de sangue que achega oxixeno e nutrientes aos tecidos, así como de levar os residuos. Tamén é o encargado de manter a temperatura interna do corpo humano.

O sangue é bombeado a todo o corpo mediante os latidos do corazón e percorre o organismo a través de tres tipos de vasos: arterias, veas e capilares.

- 1) As arterias son os vasos que saen do corazón e levan o sangue ata os distintos órganos e pulmóns.
- 2) As veas son os vasos que levan o sangue desde os órganos e pulmóns ata o corazón.
- 3) Os capilares son os vasos máis pequenos, responsábeis de que o oxixeno e os nutrientes pasen do sangue aos tecidos, mentres que os residuos saen ao sangue.

ARTERIAS	VEAS
■ Saen do corazón.	■ Van cara ao corazón.
■ O sangue circula a gran presión e a impulsos.	■ O sangue circula con pouca presión e de forma continua.
■ Son elásticas.	■ Son elásticas.
■ A gran maioría transporta oxixeno.	■ A gran maioría transporta dióxido de carbono.

Tab. 1. Diferencias entre arterias e veas.

- O sangue está composto por unha parte líquida chamada plasma (se co sangue), e unha parte sólida formada por tres tipos de células:
- Glóbulos vermello, ou eritrócitos: encargados de transportar o oxixeno.
- Glóbulos branco, ou leucócitos: defenden o corpo das infeccións.
- Plaquetas: funcionan en coagulación e axudan así á detección de hemorraxias.

ISSGa

